


## A BIBLIOTECA

---




Biblioteca Pública do Estado Miguel González Garcés

A Biblioteca Pública da Coruña Miguel González Garcés é un centro bibliográfico e documental que dispón de todos os servizos necesarios para dar resposta á demanda cultural e de formación que actualmente require a sociedade. Instalada dende 1995 nun edificio de nova planta levantado nun barrio de expansión da cidade, consta de tres andares e ocupa unha superficie de 6.216 m<sup>2</sup>, dos que son útiles 5.869 m<sup>2</sup>.

As noticias máis antigas que se conservan da Biblioteca datan de 1895 (Libro de Rexistro da Propiedade Intelectual). Instalada no Instituto de Segunda Enseñanza Eusebio da Guarda, pasou despois a formar parte da Casa da Cultura da Coruña, creada en outubro de 1956. En 1989, o Ministerio de Cultura e a Xunta de Galicia asinan un convenio polo que se transfire a súa xestión á Xunta de Galicia mentres que o Estado segue conservando a titularidade.

O 23 de setembro de 1994, modifícase o convenio no que se refire á ubicación da Biblioteca, que pasa desde ese momento ao edificio actual, inaugurado o 18 de abril de 1995, e a denominarse "Biblioteca Pública da Coruña Miguel González Garcés" (DOG nº 74, 18 de abril de 1995), en memoria do poeta e historiador que foi director da mesma dos anos 40 aos 80 do pasado século.



## DOCUMENTOS E LIGAZÓNS

[Visita virtual á biblioteca](#)

[A biblioteca na Wikipedia](#)

---

<https://bibliotecas.xunta.gal/coruna/gl/biblioteca>